

CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS

O RÍO POÉTICO DOS CAMIÑOS

Cunha fecunda obra poética que comeza en 1978 con *Silencios e conversas de inverno* (Editorial Celta), Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín, O Irixo, comarca do Carballiño, 1951) pon en circulación agora unha nova edición do esgotado *O rumor do distante*. A escrita da terra (Laiovento, 2024), o poemario co que gañou no ano 2000 o Premio Esquíu de poesía que organiza a Sociedade de Cultura Valle-Inclán. Conversamos con Sánchez, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, sobre as trabes principais que sosteñen o seu discurso poético sobre os camiños.

Premio Esquíu no seu día, e esgotado hai tempo, sae agora unha edición de *O rumor do distante* en Laiovento. É un libro que nace nun singular momento profesional seu?

Era un libro xa acabado e nesta nova edición non inclúe novos poemas, pero aquí están os seis camiños a Compostela e un sétimo que sae de Compostela a Fisterra. Hai unha explicación ao nacemento deste traballo. Cando o escribín estaba na Dirección Xeral de Patrimonio, na sección de protección, e foi esa ocupación un pouco a culpábel de que se xestase o poemario. Daquela lin o libro de Cunqueiro, *El Pasajero en Galicia*, que me entusiasmou. O Camiño francés naquel momento tiña un principio de protección, máis ben cultural, pero sen implicación legal. Eu viña da equipa de Manuel Gallego Jorreto e o que fixen foi achegar os coñecementos urbanísticos que traía, o que implicaba facer unha delimitación legal para os itinerarios, en colaboración con Consultora Galega, con César

Portela e Daniel Pino. Contabamos co traballo que fixera Elías Valiña pero non había a traza. Entón tiñamos que recorrer a delimitar as parroquias e foi un proceso moi ilusionante. O conselleiro era Daniel Barata, que iniciou moitas cousas e como di un compañeiro dos eidos da arquitectura, moito do que se construíu naquela época lentamente foise desmontando e destruíndo.

—E que lectura fai do libro pasados vinte e cinco anos?

Paralelamente naquela época estaba traballando *Paraíso das sombras* no que investín moito tempo e servíume para engarzar coas corenta xornadas que se inclúen en *O rumor do distante*. En todas as culturas, digamos, nos territorios de preparación previos, hai corenta xornadas. En todas as relixións, e nas terras de Asia, tamén nas culturas que teñen a ver co budismo, que son relixións ateas. Para min foron corenta xornadas a camiñar o propio país.

—Porque fixo o esforzo de facer as



Texto e fotos
XAN CARBALLA

rutas que reflicten os poemas e nos que a toponimia ten unha función moi relevante.

Fixen, fixen. Moitos son topónimos que non están recollidos nos mapas da época. Naquela altura había moito por facer e había xente moi implicada no tema do Camiño de Santiago, e os nomes que se lle puxeron despois aos diferentes traxectos a Compostela teñen unha impronta política recentralizadora. Así, a Ruta da Prata, como viña do sur, vencellouse coa prata da América, cando os camiños nosos eran os que viñan por Portugal, ás veces usando as Vías Romanas. Eu púxenlle Meridional, que tamén aparecía nalgún libro. Pero querían que isto, que nace como algo galego, fose un modo de arrimalo á cultura española metendo variábeis que non tiña. Eu tripei eses camiños fragmentariamente, porque son moitos. Así ves que os do Norte, os da Coruña e Ferrol, que era por onde viña a xente de Inglaterra ou de Irlanda, aínda que os irlandeses non podían viaxar nas súas embarcacións... Fun vivindo os camiños e vendo que realmente os topónimos son o ADN dun idioma. Hai máis de catrocentos no libro e cada un ten a súa razón de ser. Supoño que filoloxicamente poderíanse ver as distintas influencias e capas que teñen en todo o idioma e que corresponden coa historia.

—A primeira edición foi a do propio Premio Esquío?

O libro saíra na editora do desaparecido editor Fernando Bore, que publicaba os Premios Esquío dos que era fundador e alma máter. Adoraba a poesía e creo que hai toda unha xeración no sentido temporal, case dúas, que se van engarzando e están dentro deses premios. Agradezo sinceramente a Laiovento esta nova edición porque estamos nun momento no que vemos a deriva que vive o país.

No que ten a ver cos camiños a promoción está derrotando a protección. Antes tíñase en conta que os camiños eran de cultura pero as obras de restauración foron moi pouco afortunadas e denunciouse que se estaban a utilizar materiais de obras públicas, e mesmo o propio [Manuel] Fraga tivo que intervir. A promoción era un pouco o caramelo e a protección

"NOS CAMIÑOS A PROMOCIÓN ESTÁ DERROTANDO A PROTECCIÓN. NON RECORDO QUE O PATRIMONIO ESTIVÉSE MENOS PROTEXIDO QUE HOXE"

significaba tensionar, porque un bo director xeral de patrimonio ten que ter tensión co Goberno. Lembro unha cea literaria co conselleiro de quenda daquela, Xesús Vázquez, e dicía que o gran problema do noso patrimonio era que tiñamos moito. Iso é como se en Canarias a xente se queixase de que teñen moito sol. Pero foise impondo a promoción, e hai xente honesta que a traballou ben e fixo todo o que se pode por prestixiar, pero claro, se un alcalde pode participar moito na protección do camiño e resulta que mete asfalto ou materiais que destrúen o camiño, que é unha correioira que non necesita de gravas nin cementos... Non recordo que estivera tan desatendido o patrimonio como neste momento.

Ademais hai un concepto que é equivocado, porque o uso puramente turístico dos camiños, buscando un incremento continuo de viaxeiros, fomentando unha economía local dedicada a infraestruturas para os peregrinos pode acabar sendo un problema cos anos, porque continuamente prodúcense cambios e novas motivacións para viaxar a outros sitios.

—As preguntas, as indagacións e a motivación do libro teñen esa orixe pero non foi concibido como unha obra de rutas.

O vehículo son os camiños pero despois cada poema ten vida propia, moitas veces relacionados con elementos físicos que é algo que aprendín da literatura do Xapón, da cultura propia dos clásicos chineses, do lonxínquo Oriente. É moi próximo ao renga xaponés, onde hai toda unha cultura arredor da forma, aínda que nos poemas que teñan seis versos a miña débeda está un pouco con Valery.

—Cos fitos marcados polos topónimos un acaba pensando que estaban escritos como un dietario que o poeta fai durante os seus percorridos.

Hai apuntamentos e teño aprendido dos clásicos como era Matsuo Bashō que escribiu *Sendas de Oku* e é o meu referente. Moitas veces parece que un está creando algo moi novo, pero hai moitas tradicións, o propio *El mono gramático* de Octavio Paz coa viaxe

á terra dos macacos, onde estiven e metino posteriormente no libro das viaxes á India. Dalgunha maneira a idea era que antes de ir coñecer o mundo para integralo na túa propia cultura debía coñecer o propio país, na liña de Manuel María que falaba de coñecer todas as parroquias de Galiza. Hai un elemento físico e mesmo hai un calendario interior. Están as corenta xornadas pero ao mesmo tempo está o calendario.

Teñamos en conta que o Xapón co seu xintoísmo ten moito que ver co noso panteísmo, coa nosa aproximación á natureza. Eles antes do calendario gregoriano teñen 120 microestacións. A semana pasada viase cal era a estación porque estaba a nacer o trigo debaixo da neve ou en xuño teñen outra microestación porque canta o grilo. Ese tamén é un proceso moi noso porque a natureza está viva. Daquela traballaba moito cos clásicos chineses e todas as culturas próximas, sexa Vietnam, Corea ou Xapón, todo ese entorno moi debedor da China, aínda que logo se independizasen. Agora estou traballando nun libro sobre as viaxes que fixen ao Xapón e ves que todo poema ten que ter un elemento da estación na que estás, pero sen que se note. Non podes nunca nomear o outono pero podes falar da caída das follas. Son elementos internos do poema que fun incorporando aquí.

—No libro tamén está moi presente o tempo atmosférico, a chuvia, o frío, o sol... Iso úsao para os estados de ánimo.

Para reforzar, de feito xa daquela, e funo incorporando noutros libros posteriores, escribía un diario de nubes e despois da morte do meu pai comecei a escribir un diario no sentido de que fose como un obradoiro, un pouco como os artigos de prensa de Cunqueiro, nos que ensaia cousas que despois incorpora nas novelas.

—Era un diario de criador non un diario de cotiandade.

Si, de criador. Afortunadamente o tempo atmosférico permanece, aínda que haxa variacións, pero os outonos son os outonos, teñen certa luz e iso forma parte das capas interiores que ten o propio libro. Por iso o verso é curto porque na poesía clásica chinesa ou do Xapón,

hai unha certa narratividade, porque son debedores de relixións ateas nas que non hai fe, non hai deuses e sénteste moi próximo a ese mundo material.

Despois foron facéndose moitas variacións e denominacións, facendo pasar os camiños por diferentes concellos, case inventándose rutas. Todo con tal de definirmos máis como un Camiño que por sermos un pobo, un país e unha cultura. É certo que temos camiños históricos, camiños culturais e estas corredoiras que foron utilizadas tamén coa estrutura da arquitectura relixiosa. O concepto do camiño como unha construción política, cun modo de construírse moi distinto, por exemplo, á ruta da seda que tamén realicei e é como unha suma de feiras e non se fai todo percorrido. É como cando a miña avoa ía ao Carballiño, pero se o que quería era ir á feira de Santiago collía o bus de persoas e animais a Santiago. O que quero dicir é que son doas dun percorrido.

Sobre aquelas rotas circulaba o budismo ou circulaba a arte. O noso foi unha construción porque aquí xa había un país cunha cultura e unha tradición. E que potencia cultural non tería para ser elixido, porque podía ser calquera outro escollido para ese propósito europeo. Eramos un país con pouca accesibilidade, onde os camiños víñan por sitios de montaña, cando o normal sería ir por vales e ríos. Por iso temos tantos camiños nun país que inventaría máis de 350 pontes históricas, máis de 400 pazos e casas paxegas, 7.000 casas reitorais. Galiza era un país potente e que fose escollido para construír un mito tan potente que aglutinou toda Europa será porque a cultura nosa tiña capacidade de soportar ese tipo de fluxo, de tensión. Por iso é tan importante saber que hai moitísimos camiños que son culturais. No Carballiño íamos á Peneda na Serra do Gerês ou aos Milagres de Maceda [Baños de Molgas, Allariz-Maceda] ou a Santo Andrés de Teixido [Cedeira, Ferrolterra].

—Fai moitas referencias ás culturas orientais, de cando lle vén ese interese?

Son do final dun tempo e comezo doutro no sentido de que non fun escolarizado en galego nin pasei

por unha facultade de letras. Pola mesma razón que nun momento cheguei a Valente e el levoume a outros territorios ou máis adiante pasei bastantes anos indo a Grecia seguindo a Safo e os presocráticos e toda esa poesía coincidía moito coa parte oriental. Tamén hai unha variábel que era o tema da mitoloxía e a relixiosidade popular para entender o propio país. Por pór un exemplo, en Irán, na antiga Persia, fun á tumba de poetas, pero socialmente os iranianos ían á tumba dos San Benitiños deles, e eu ía porque eran poetas sufís e para eles era algo popular. Valente interésame porque toca os temas relixiosos na base filosófica, na base profunda. Gelman preguntábame que relación tiña Valente co xudaísmo, e explicáballe que era de Ourense onde o xudaísmo está moi presente e nas historias de Ribadavia [O Ribeiro]. Fun facendo, buscando, e un poeta levoume a outro. Tamén foi moi importante Octavio Paz, e ten moito que ver entender os clásicos e entendernos a nós como unha busca do interior propio.

Agora nas viaxes á India para os libros que fixen o importante é que te estás a buscar. Todo está dentro dun proxecto vital.

—Penso en Millán Picouto que se ocupou na súa obra das cosmovisións doutras culturas, en Cunqueiro, ao que citou con estes últimos libros... hai unha ampla ocupación dos escritores galegos para traer a nós esas visións.

Con toda a humildade, sempre para aprender. Pero a intención sempre como poeta é traelas aquí, expresar a visión que ten un galego que está topando eses mundos. Agora estou por finalizar unha terceira e última viaxe para rematar o ciclo do Xapón. Son sempre culturas que tes que coñecer moito por dentro, ser moi respectuoso, ir ver aquilo que te inflúe e incorporalo tamén á túa personalidade. Tamén me atrae moito de alí todo o que se relaciona coas relixións ateas que son moi culturais. Os xaponeses teñen o budismo para a alma e o xintoísmo para o cotián. En Xapón todo o que ten que ver coa natureza relaciónase moito con nós. É sorprendente a cantidade de tradutores xaponeses que veñen ou van e temos unha relación moi

grata con eles, tamén pola natureza. Nas viaxes tamén hai unha aprendizaxe, e vas rexistrando todos os datos, a temperatura, se vai máis frío ou máis calor, os arrecendos, os sons... todo isto tes que asimilalo e despois veñen anos de traballo e de estudo. Pero son distintas etapas do proceso de creación e a min lévame un período medio de seis ou sete anos.

Cando atopas e entendes o sentido das cousas, cando controlas a cultura ves a súa lóxica interna. Que sei eu, o porqué de que o sol sexa unha muller, unha deusa, e o porqué da relación co raposo, porque ela é unha raposa fermosísima e gardadora. Porque viven nunha economía do arroz e se non hai raposos hai ratos que destrúen a colleita. Velaí a lóxica económica deses símbolos, unha sorte de antropoloxía cultural na que hai que entrar e interpretar.

—Precisamente coordinou un caderno de poetas palestinos actuais para *Nós Diario*, e igualmente na Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) déranlle o premio de escritor galego universal Mahmud Darwish no ano 2006.

Na miña xeración a iconografía antiimperialista do Vietnam, no meu caso, naceu das imaxes dos bombardeos americanos e despois co peso que tivo Latinoamérica, cos poetas e as cancións que víñan de alá, o pensamento para o movemento asociativo... Vietnam foi o proceso que galvanizou as xentes da miña xeración, espero que Palestina o sexa desta.

Nós tivemos a ocasión de poder entregarlle o premio a Darwish en man. Este ano dámosllo a Shahd Wadi, unha escritora palestina que está en Portugal, á que non puideron asasinar. Fixolle ilusión que fose Darwish o primeiro, porque para os palestinos é unha persoa moi importante para dar a coñecer universalmente o sufrimento, a loita e a literatura que se fai en Palestina. Un poeta que di "ocúpannos a terra, pero temos que evitar que nos ocupen as mentes", temos que seguir creando, seguir como se houbera unha normalidade que non hai. Porque o poeta é o depositario da identidade, porque fala do patrimonio cultural e das tradicións dun país.



Xan Carballa



Laiovento

O escritor Cesáreo Sánchez na redacción de *Nós Diario*.

Capa de *O rumor do distante* (Laiovento, 2024).